

Bases do Campamento Explora Ourense 2026



Organiza:



Colabora:



1. **Introdución**

O campamento de verán Explora Ourense; un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, actividades ó aire libre, xogos, xogos de sala, artísticas e calquera outra que contribúa a ese obxectivo. O campamento contará con 2 grupos diferenciados en función da idade das crianzas participantes terán lugar nas seguintes datas:

- **Do 9 ao 13 de agosto.**

2. **Lugar de realización**

Nas instalacións do Complexo do Corgo, en Muíños.

3. **Actividades**

- Actividades en inglés
- Xogos e deportes
- Actividades náuticas
- Actividades ó aire libre, de natureza e sobre o medio natural
- Actividades artísticas
- Actividades nocturnas
- Teatro e conta-contos
- Baile, actividades culturais

4. **Destinatarios**

Rapazada nada entre os anos 2010 e 2016, ámbolos dous incluídos.

Un campamento estará destinado ás persoas nadas entre o 2010 e o 2013.

O outro reservarase para as persoas nadas entre o 2014 e o 2016

5. Solicitude de prazas

Por orde das solicitudes presentadas a través do **Rexistro Xeral da Deputación Provincial** ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas **dende o xoves 4 de xuño.**

6. Reserva de praza

Unha vez solicitada a praza, porémonos en contacto por e-mail e disporá de 3 días para facer a reserva de praza facendo o pago de **125 euros** no seguinte número de conta:

Abanca ES04 2080 0473 6330 4000 8261

7. Documentación complementaria

Unha vez feita a reserva de praza co pago da mesma contactaremos para entregar a seguinte documentación por correo electrónico a exploraourense@sustinea.org.

1. Folla de inscrición, na que se deben cubrir os datos da crianza, xunto cos seus datos médicos (alerxias, enfermidades e outras, especificando as enfermidades infectocontaxiosas que as persoas responsables do campamento deberán ter en conta á hora de tratar ás persoas menores. Será enviada unha vez resulten adxudicatarios/as da praza.

Deberase presentar unha folla por crianza.

É importante non omitir ningún dato, xa que afectan á organización das quendas de campamentos en canto a adquisición de alimentos para dietas específicas, informar dos tratamentos ao equipo de monitorado, etc.

2. Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a.

3. Fotocopia do DNI da crianza ou, no caso de que non o teña, do libro de familia.

4. Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado da persoa menor.
5. Certificado médico en caso de alerxias ou de estar seguindo calquera tratamento.

8. Prezo

O prezo será de **125 euros por neno/a**.

9. Devolución da cota

Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos 15 días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Organización anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Para estes efectos, as persoas interesadas disporán dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación na documentación que lles será remitida ao seu enderezo electrónico.